

# FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA ADQUIRIR TEXTO E MATERIAL ESCOLAR.

[Orde do 29 de Abril do 2022 polo que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquisición de material destinadas ao alumnado de educación primaria, secundaria obligatoria e educación especial en centros doc](#)

**Beneficiarios:** Alumnado matriculado en Educación Primaria durante o **curso 2022/2023**

- Libros de texto : Axudas para 1º e 2º para adquisición de libros de texto, 3º, 4º, 6º fondo libros

O alumnado de 5º participante en E-Dixgal non participa neste apartado. Non obstante, poderán solicitar a axuda para adquirir material escolar cando reúnan os requisitos establecidos na orde.

- Axudas para adquisición de material escolar dende 1º a 6º segundo cumpran os requisitos da convocatoria.

**Prazo:** Ata o 22 de Xuño do 2022.

**Forma de presentación:**

A través da sede electrónica da Xunta. <https://www.edu.xunta.gal/fondolibros/>

No centro entregando a solicitude segundo o **Anexo I** e o **Anexo II** (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).

**Documentación:**

- Solicitude segundo **Anexo I** e **Anexo II** (debidamente asinado).
- Copia do libro de familia ou documento equivalente onde figuren o/a alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar (irmá/s, proxenitores).
- En caso de separación ou divorcio deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a custodia e garda do menor.

Os documentos relacionados co procedemento serán obxecto de consulta por parte das administración pública.

**[No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta deberán achegar:](#)**

- DNI de ambos proxenitores.
- Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou certificado tributario de imputación do exercicio 202.
- De ser o caso, Certificado de minusvalía, resolución xudicial de incapacitación con patria potestade certificado de convivencia, volante de empadronamento, outra documentación acreditativa das alegacións que presente (discapacidade, situación de garda tutelada, violencia de xénero, informe de servicios sociais..)

**Requisitos:**

O alumnado que fora beneficiario de fondo libros no curso 21/22 deberá entregar os libros de empréstimo no estado en que lle foron entregados.

## Datas de publicación de listaxes de beneficiarios das axudas de libros de texto, material escolar e datas de entrega de vales para o vindeiro curso (2022/2023):

<b>PRAZOS</b>	<b>Do 19 de maio ao 22 de xuño (ambos inclusive)</b>
<b>Publicación provisional de listaxes de admitidos e excluídos das axudas de material escolar, libros de texto e fondo solidario:</b>	<b>27 xuño.</b>
<b>Periodo de reclamacións:</b>	<b>Do 28 ao 29 de xuño (ambos inclusive) de 10:00h a 13:00h.</b>
<b>Publicación definitiva de listaxes de admitidos e excluídos das axudas de material escolar, libros de texto e fondo solidario:</b>	<b>30 de xuño.</b>
<b>Entrega de vales de libros de texto e material escolar:</b>	<b>Do 1 ao 5 de setembro de 10:00h a 13:00h.</b>
<b>Entrega de libros de fondo solidario:</b>	<b>Inicio de curso.</b>